




PARLAMENTO  
DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 21/11/2017**



A Mesa do Parlamento, na reunión do 20 de novembro de 2017, en relación coas emendas formuladas ás proposicións non de lei incluídas na orde do día da sesión plenaria do 21 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

— Doc. núm. 20438 emenda formulada polo G.P. de En Marea, á proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña (19565-10/PNP-001447).

A Mesa acorda a admisión a trámite coa substitución nos puntos segundo e terceiro da parte resolutoria, da expresión “Instar ao goberno do Estado...” por “Instar á Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno do Estado...”

En relación con este asunto, a Mesa lembra que a proposición non de lei emendada foi admitida a trámite por acordo da Mesa do Parlamento do 6 de novembro de 2017, coa substitución nos puntos segundo e terceiro da parte resolutoria da expresión ““- Instar ao Goberno español...”” por ““- Instar á Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno español...””

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 20/11/2017 20:26:42**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia  
Portavoz do G.P. Popular  
Portavoz do G.P. de En Marea  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego



PARLAMENTO  
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000055 (0020099).....	3
(0020099) Entrada da iniciativa.....	4
(0020416) Emendas dos grupos parlamentarios .....	8
(0020431) Emendas dos grupos parlamentarios .....	10
3.2 10/MOC-000056 (0020100).....	11
(0020100) Entrada da iniciativa.....	12
(0020432) Emendas dos grupos parlamentarios .....	16
3.3 10/MOC-000057 (0020114).....	17
(0020114) Entrada da iniciativa.....	18
(0020433) Emendas dos grupos parlamentarios .....	21
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	22
4.1 10/PNP-001164 (0014121).....	22
(0014121) Entrada da iniciativa.....	23
(0020414) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	27
(0020434) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	29
4.3 10/PNP-001320 (0017688).....	31
(0017688) Entrada da iniciativa.....	32
(0020429) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	35
4.5 10/PNP-001447 (0019565).....	38
(0019565) Entrada da iniciativa.....	39
(0020438) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	44
4.6 10/PNP-001452 (0019594).....	47
(0019594) Entrada da iniciativa.....	48
(0020410) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	52
(0020413) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	54
(0020415) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	56
4.8 10/PNP-001465 (0019744).....	57
(0019744) Entrada da iniciativa.....	58
(0020427) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	62
(0020430) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	64
(0020435) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	66

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.1 10/MOC-000055 (0020099)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19139, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)



(0020099) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 20099**  
 Data envío: 10/11/2017 14:22:21.806

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 7 de novembro, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais (doc. núm **19139**, [10/INT-000627]).

#### Moción

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

1- Sentar as bases dunha nova política de xestión do monte que pasaría por:

-Rexeitar as directrices para a revisión do plano forestal de Galicia, aprobadas polo Consello Forestal .

-Ordenar os usos das terras.

-Apostar polo logro dun monte multifuncional e sustentable.

-Permitir que os titulares dos montes sexan os principais protagonistas da posta en valor de estas terras .



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 20099**  
 Data envío: 10/11/2017 14:22:21.806



ESQUEMA  
 REGISTRO DE  
 ENTRADA  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

2- Declarar unha moratoria á plantación de eucalipto, non só evitando a ocupación de máis superficie, senón mesmamente investindo a súa extensión nunha primeira fase ata as previsións explicitadas no fallido e violentado Plan Forestal vixente.

3- Elaborar un Plan de xestión da biomasa nas franxas de protección de núcleos nas zonas de alto risco de incendios, recuperando os convenios de colaboración cos concellos, establecendo un plan de vixilancia para garantir o seu cumprimento.

4- Modificar o artigo 21 da lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios, recuperando os 100 m de ancho das franxas de xestión da biomasa no perímetro dos núcleos urbanos e de todo tipo de instalacións a menos de 400 m do monte. A primeira subfranja inmediata aos núcleos e instalacións debe ser de 50 m de ancho (zona onde non pode haber especies de alta combustibilidade e inflamabilidade).

5- Modificar as liñas de axudas de prevención e de defensa contra lumes forestais, destinadas a titulares dos montes, engadíndolle as seguintes características:

-Ser aprobadas no mes de marzo e executados os traballos de prevención o 30 de xuño.

-Que os traballos subvencionados se poidan facer de xeito manual ou mecanizado.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 20099**  
 Data envío: 10/11/2017 14:22:21.806



ESQUEMA  
 REGISTRO DE  
 ENTRADA  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

-Que os traballos subvencionados poidan ser feitos por empresas e por persoal contratado polas comunidades de montes .

6- Modificar o artigo 24 da lei 3/2007 referido á Silvicultura preventiva, recuperando a súa redacción orixinaria.

7- Elaborar un plan para a recuperación das terras de vocación agraria hoxe forestadas.

8- Aprobar o Pladiga no mes de febreiro para poder desenvolver as tarefas de prevención antes do período de máximo risco.

9- Elaborar un Plan de Restauración do monte afectado polos lumes.

10- Elaborar un Plan Extraordinario de recuperación económica das zonas afectadas polos lumes.

11- Recuperar as UXFOR como ferramenta para superar a atomización do monte privado poñéndoo en valor.

12- Suprimir as brigadas municipais e reformulación do dispositivo de incendios dependente da Xunta de Galiza dándolle dimensión, estabilidade, homoxeneidade e formación.

13- Recuperar en toda a súa plenitude, dotándoo orzamentariamente, o Banco de Terras como ferramenta idónea para poñer as terras abandonadas ou infrautilizadas ó servizo da recuperación da actividade agrogandeira e do desenvolvemento do medio rural.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 20099**  
 Data envío: 10/11/2017 14:22:21.806



GRUPO  
 PARLAMENTAR  
 GALEGO  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

14- Auditar os procesos de licitación para contratación dos medios aéreos de loita contra incendios así coma as sucesivas prórrogas.

15- Cesar de inmediato do sr. Director Xeral de Ordenación Forestal e asumir de responsabilidades políticas pola negligente xestión da vaga de lumes.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
 Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
 Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/11/2017 14:21:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2017 14:21:17**



(0020416) Emendas dos grupos parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes (doc. núm. 20099)

Emenda de modificación

Proponse un novo texto para o punto 2 desta iniciativa, que terá o seguinte contido:

“2. A extensión e localización das masas forestais e plantacións de eucalipto no territorio galego deben quedar claramente fixadas no Plan forestal e plans de ordenación de distrito forestal evitando a constitución de áreas de monocultivo da especie.”

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 12 desta iniciativa, que terá o seguinte contido:

“12. Reformular as brigadas municipais do dispositivo de incendios dependentes da Xunta para centrais principalmente en traballos de prevención ao longo de todo ano.”

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 20/11/2017 16:04:36**



Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2017 16:04:49**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## (0020431) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:33**  
**Nº Rexistro: 20431**  
Data envío: 20/11/2017 17:33:56.562

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **José González Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/MOC-00055 (20099)** sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa xestión do monte, a prevención e loita contra os **incendios** forestais e a xestión do director xeral de Ordenación Forestal respecto da vaga de lumes. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19139, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2017 17:32:20**

**José González Vázquez na data 20/11/2017 17:32:28**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



### **3.2 10/MOC-000056 (0020100)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19039, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)



(0020100) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quintero Araújo e do seu deputado Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte MOCIÓN para substanciar a Interpelación, doc. núm. 19039, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais, tratada na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2017. (10/INT-000621).

#### MOCIÓN

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Abordar de xeito urxente a ordenación territorial. Para este fin, prestarase especial atención a dous eixos:

- a) Á ordenación do sector forestal, implementando unha nova política de xestión do monte, apostando por un monte multifuncional e baseándose en criterios de sustentabilidade ambiental e á diversificación de especies e produtos.
- b) A ordenación dos usos da terra e da orientación de cultivos, para o que se levará a cabo un novo plan estratéxico contra a reforestación ilegal de terras e a **recuperación da superficie agraria útil**.

O Banco de Terras será unha das ferramentas a empregar para este fin, dotándoos dos medios materiais e persoais axeitados.

2.- Converter a prevención no eixo central na loita contra os incendios forestais. Polo cal se redefiniran as funcións que cumpren actualmente os traballadores do SPDCIF, facendo especial fincapé nas funcións de prevención e traballos forestais.



3. Rematar progresivamente coa atomización do dispositivo e prevención e extinción de incendios forestais e por en marcha un único servizo público de loita contra os incendios, procedendo paulatinamente á contratación a través só do SPDCIF.

Paralelamente traballarase para rematar coa precariedade laboral que sofre unha parte de traballadores do SPDCIF, pondo en marcha Ofertas Públicas de Emprego e mellorando a formación continuada, prestando especial atención ás necesidades formativas relacionadas coas multiemxencias e ás novas tipoloxías de incendios forestais.

4. Incrementar a vixilancia e disuasión, reabrindo casetas de vixilancia e introducindo brigadas de vixilancia móbil no servizo.

5. Retomar as brigadas de investigación de incendios forestais levadas por axentes forestais.

6. O PLADIGA será o resultado de mesas de traballo e negociación coa sociedade civil e será aprobado cando mínimo 6 meses antes da tempada de alto risco.

7. Establecer unha mesa específica de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes moito máis perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e quinta xeración, e lumes de tipo convectivo. Ademais crearanse os protocolos precisos para a actuación deste tipo de lumes.

8. Informar e divulgar os plans de emerxencia. Ademais periodicamente comprobarase os recursos de equipos e medios dispoñibles, formación e realización de exercicios e simulacros nas poboacións limítrofes coas masas forestais.

9. Activar un Plan integral de emprego público para o rural, reforzando as Oficinas Agrarias Comarcais, os centros de investigación agraria e os centros de



formación e extensión agroforestal, para que poidan prestar apoio tanto as explotacións agrarias como aos montes en man común e aos proxectos de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria.

10. Adaptar as políticas do monte á estratexia galega contra o cambio climático.
11. **Recuperar con carácter preferente as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR)** como forma de xestión democrática e participada da propiedade privada forestal.
12. Por en marcha un plan de recuperación do monte e das especies afectadas.
13. Actuar contra o despoboamento do rural, pondo en marcha unha estratexia integrada para actuar contra o desemprego e a precariedade e garantir o acceso aos servizos públicos.
14. Prestar a atención necesaria aos animais danados, colaborando activamente cos concellos para tal fin.
15. Cesar a Conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez Mejuto e o Director Xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández Couto, polas súas deficientes actuacións en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/11/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 20100**  
Data envío: 10/11/2017 14:48:47.751

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 10/11/2017 14:47:31**

**David Rodríguez Estévez na data 10/11/2017 14:47:38**

**Luis Villares Naveira na data 10/11/2017 14:47:47**





## (0020432) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:34**  
**Nº Rexistro: 20432**  
Data envío: 20/11/2017 17:34:08.359

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **José González Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/MOC-000056 (20100)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e loita contra os **incendios** forestais e a xestión levada a cabo pola Consellería do Medio Rural ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 19039, publicada no BOPG n.º 199, do 24.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2017 17:32:48**

**José González Vázquez na data 20/11/2017 17:32:56**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



### **3.3 10/MOC-000057 (0020114)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga Díaz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 18688, publicada no BOPG n.º 195, do 18.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017)

(0020114) Entrada da iniciativa


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 10/11/2017 18:20  
**Nº Rexistro: 20114**  
Data envío: 10/11/2017 18:20:00.977



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**


Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Antonio Quiroga Díaz**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 7 de novembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais (10/INT-000610, documento número 18688)

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar con urxencia o novo Plan forestal de Galicia e envíalo para a súa tramitación no Parlamento de Galicia de acordo co artigo 142 do seu Regulamento.
2. Incorporar no Plan forestal os criterios de explotación racional do monte, sustentabilidade e multifuncionalidade. A ordenación forestal debería fomentar un resultado equilibrado na composición das masas.
3. Instrumentar os cambios nas políticas de agrupación de fincas forestais para a súa xestión conxunta, superando o fracaso das Sofor e recuperando os criterios das Uxfor.
4. Garantir a efectividade dos procedementos sancionadores dos incumprimentos en materia de prevención de incendios nas fincas privadas, así como de forestación irregular de terras agrarias.
5. Dotar ao Banco de Terras do sustento orzamentario e de persoal necesario para que poida cumprir as funcións encomendadas, e singularmente a xestión dos montes veciñais en man común en estado de grave abandono así como doutras superficies forestais privadas abandonadas.
6. Converter aos núcleos rurais en zonas refuxio contra os lumes forestais, para o que se instrumentará unha política de prevención ampliando as faixas de xestión da biomasa a 100 metros no seu perímetro, cunha faixa de 50 metros nos que estarán prohibidas

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.
7. Axilizar a aprobación do Pladiga e modificar o sistema de financiamento do persoal contratado para asegurar que os traballos de prevención poden ser efectuados antes do 30 de xuño de cada ano.
  8. En canto ás axudas para limpeza destinados aos titulares de montes privados:
    - Axilizar o conxunto do procedemento administrativo para que as persoas beneficiarias das axudas poidan estar en condicións de iniciar os traballos de limpeza, poda, desbroces, ..., antes do 15 de maio do ano correspondente á convocatoria, e rematados os traballos antes do 30 de xuño.
    - Mellorar o sistema de pagos para os traballos realizados.
  9. Reorganizar o dispositivo de prevención/extinción de incendios forestais para garantir a súa efectividade, concentrando progresivamente a responsabilidade no Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais. Reducir de xeito paulatino pero firme a contratación precaria.
  10. Por en marcha dependendo da Axencia Galega de Seguridade un programa de formación continua en materia de extinción de lumes forestais.
  11. Por en marcha unha campaña de concienciación sobre a importancia do cumprimento das normas de prevención e control de queimas; así como de difusión dos plans de emerxencia para as persoas que habitan en zonas de risco.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017


Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/11/2017 18:20  
Nº Registro: 20114  
Data envío: 10/11/2017 18:20:00.977



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/11/2017 18:04:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/11/2017 18:04:59



## (0020433) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 17:34  
Nº Rexistro: 20433  
Data envío: 20/11/2017 17:34:19.046

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **José González Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/MOC-000057 (20114)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención dos **incendios** forestais. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 18688, publicada no BOPG n.º 195, do 18.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.11.2017).

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia acorda estudar, dentro dos traballos da recentemente creada Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, as propostas de todos os grupos parlamentarios a prol dunha política forestal que permita acadar un monte rendible, multifuncional e sustentable, contribuíndo deste xeito á dinamización do medio rural”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2017 17:33:13**

**José González Vázquez na data 20/11/2017 17:33:23**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

#### 4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

##### 4.1 10/PNP-001164 (0014121)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira  
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga  
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García  
Grupo Parlamentario de En Marea - Magdalena Barahona Martín  
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando  
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez  
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda  
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas  
Grupo Parlamentario de En Marea - Juan José Merlo Lorenzo  
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo  
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez  
Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada



(0014121) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, en relación á dignificación das pensións das persoas xubiladas anticipadamente con longas carreiras de cotización.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 41 da Constitución Española configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta aos xubilados e xubiladas anticipadas, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma.





Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas correspóndese coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores aos xubilados anticipados, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requirimentos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos aos xubilados e xubiladas anticipadas.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando o afectado cotizase 40 ou máis anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que realice as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.



A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado que o previsto na presente proposición non de lei non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 10/08/2017 09:36:19**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/08/2017 09:42  
Nº Rexistro: 14121  
Data envío: 10/08/2017 09:42:33.063



**Luis Villares Naveira na data 10/08/2017 09:36:32**

**Carmen Santos Queiruga na data 10/08/2017 09:36:40**

**Antón Sánchez García na data 10/08/2017 09:36:47**

**Magdalena Barahona Martín na data 10/08/2017 09:36:55**

**Marcos Cal Ogando na data 10/08/2017 09:37:14**

**Francisco Casal Vidal na data 10/08/2017 09:37:21**

**Luca Chao Pérez na data 10/08/2017 09:37:36**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/08/2017 09:37:42**

**José Manuel Lago Peñas na data 10/08/2017 09:37:49**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 10/08/2017 09:37:56**

**Paula Quinteiro Araújo na data 10/08/2017 09:38:03**


**David Rodríguez Estévez na data 10/08/2017 09:38:12**

**Eva Solla Fernández na data 10/08/2017 09:38:19**

(0020414) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 20/11/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 20414**  
 Data envío: 20/11/2017 16:07:38.078



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada (10/PNP-001164, documento número 14121)

**Emenda de modificación do punto primeiro.-**

Débase modificar o encabezado do punto primeiro da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido.


Onde di: “Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que realice as modificacións...” debe dicir: “Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo realice as modificacións...”

**Emenda de modificación do punto segundo.-**

Débase modificar o encabezado do punto segundo da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido.

Onde di: “Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado que para os efectos de acreditación...” debe dicir: “Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo os efectos de acreditación...”



 Grupo Parlamentario

### **Emenda de modificación do punto terceiro.-**

Débese modificar o encabezado do punto terceiro da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido.

Onde di: “Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que se realicen as modificacións necesarias...” debe dicir: “Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo se realicen as modificacións necesarias...”

### **Emenda de modificación do punto cuarto.-**

Débese modificar o encabezado do punto cuarto da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido.

Onde di: “Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado que o previsto na presente proposición non de lei...” debe dicir: “Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado para que no marco do Pacto de Toledo o previsto na presente proposición non de lei...”

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2017 16:05:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2017 16:05:56**

(0020434) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **14121**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada, incluída na orde do día da sesión plenaria do 21 de novembro de 2017. (10/PNP-001164)

EMENDA DE ADICIÓN

Débase engadir ao final da parte resolutiva un novo punto:

Quinto.- Trasladar ao Goberno do Estado que derroque as reformas regresivas do sistema de Seguridade Social e do mercado laboral e proceda a aceptar a tramitación dunha reforma das pensións que recupere a idade de acceso á xubilación ordinaria nos 65 anos, facilite o acceso á xubilación anticipada e que impulse reformas que blinden a viabilidade do sistema público de pensións, procedendo á inmediata recuperación do poder adquisitivo das pensións públicas, establecendo un incremento mínimo igual ao IPC anual.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 17:39  
Nº Rexistro: 20434  
Data envío: 20/11/2017 17:39:08.484

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 20/11/2017 17:38:31**

**Luis Villares Naveira na data 20/11/2017 17:38:39**



#### **4.3 10/PNP-001320 (0017688)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero



(0017688) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A violencia de xénero é un problema de Estado e como tal, para lograr a súa erradicación, precísase dun gran **PACTO DE ESTADO**. Para ese efecto, o **PSOE** ao longo destes últimos anos veu reclamando xunto á sociedade civil e as organizacións de mulleres, un acordo social, político e institucional contra a violencia que se exerce cara ás mulleres e as súas fillas e fillos.

Garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, súas fillas/os, é un obxectivo prioritario para o Grupo Parlamentario Socialista, na confianza que tamén o debe ser para o conxunto dos grupos que conforman este Parlamento.

Unha sociedade non pode denominarse democrática se non garante a seguridade e a liberdade de máis do 50 % da súa poboación. E nesta responsabilidade os concellos, como institución máis próxima á cidadanía, teñen un compromiso ineludible.

O 28 de xullo de 2017, aprobáronse nas respectivas comisións parlamentarias de Igualdade, tanto no Congreso como no Senado, os documentos que recollían as propostas que ambas as Cámaras acordaron por unanimidade no Senado e por maioría no Congreso, para a elaboración dun Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

É importante indicar que as propostas destes documentos non recollen na súa integridade todas as iniciativas neste caso presentadas polo Grupo Socialista, senón que no pacto figuran aquelas que foron aceptadas por todos os grupos parlamentarios.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que estes acordos son necesarios, pero non suficientes e, por iso, seguiremos reivindicando máis avances nesta materia a través de distintas iniciativas tanto desde as Cortes Xerais, como desde os parlamentos autonómicos e os concellos.



Grupo Parlamentario

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado:

- 1.- Que se acurten os prazos establecidos, dado que o pacto de estado contra a violencia de xénero significa loitar contra un gravísimo asunto que afecta á seguridade das mulleres como cidadás.
- 2.- Que poña en funcionamento as medidas adoptadas no pacto de estado contra a violencia de xénero, especialmente aquelas medidas que teñen que ver coas entidades locais e o papel que lles corresponde no ámbito da atención e protección das mulleres vítimas, as súas fillas e fillos.
- 3.- Que de maneira urxente active e traslade as partidas orzamentarias acordadas para a execución dos acordos do pacto, ao conxunto das administracións implicadas: comunidades e cidades autónomas, deputacións provinciais, cabidos insulares e concellos.
- 4.- Dar traslado desta proposición e a súa aprobación ao presidente do Goberno, á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como ao conxunto de ministerios implicados.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Dolores Toja Suárez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 11:00:15**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/09/2017 11:00:22**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 11:00:32**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/09/2017 11:00:37**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 11:00:41**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2017 11:00:43**



## (0020429) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:20**  
**Nº Rexistro: 20429**  
 Data envío: 20/11/2017 17:20:56.859

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **17688 [10/PNP-001320]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 21 de novembro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir ao comezo do punto 3 o seguinte texto:

“Desenvolver as modificacións orzamentarias precisas para non adiar a aplicación do Pacto de estado no escenario de prórroga orzamentaria así como incrementar as contías incluíndo a compensación polos recortes acumuladas nesta materia desde 2011.”

#### Emenda de adición

Engadir un novo punto 3 bis co seguinte texto:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:20**  
**Nº Rexistro: 20429**  
 Data envío: 20/11/2017 17:20:56.859



8870266  
88172844219  
0034200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

“3 bis. Aprobar un calendario de cumprimento e avaliación do Pacto que garanta a realización das modificacións lexislativas precisas antes de setembro de 2018 así como a previsión orzamentaria para cada unha das medidas contempladas.”

#### **Emenda de adición**

Engadir un novo apartado co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017 destinando, para tal efecto, o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir, desenvolver e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 17:20  
Nº Rexistro: 20429  
Data envío: 20/11/2017 17:20:56.859

atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2017 10:45:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2017 10:45:41**



#### **4.5 10/PNP-001447 (0019565)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña



(0019565) Entrada da iniciativa

A Mesa admítea a trámite coa substitución nos puntos segundo e terceiro da parte resolutoria da expresión

•”- Instar ao Goberno español...”• por

•”- Instar á Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno español...”•

MESA DO 6.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2017 09:30  
Nº Rexistro: 19565  
Data envío: 31/10/2017 19:11:27.084

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación política en Cataluña é de máxima excepcionalidade. Non é un problema que afecte en exclusiva ao pobo catalán. Aféctanos a todas e a todos. A manifesta incapacidade do goberno español para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política é a causa dos feitos que nas últimas semanas se están a suceder en Cataluña. A diferenza do acontecido no seu día entre o Canadá co Quebec, do Reino Unido con Escocia ou o vindeiro ano de Dinamarca coas Illas Feroe, o estado español negouse de xeito sistemático a asumir o seu carácter plurinacional e a actuar en consecuencia.

O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexitimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro, e como articular a súa relación cos pobos que hoxe e fan parte do Estado español. O exercicio deste dereito, internacionalmente recoñecido, non debe entenderse contra ninguén, senón como un elemento positivo e democratizador. Desde esta focaxe, as institucións non deberían procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximo de garantías democráticas.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 19565**  
 Data envío: 31/10/2017 19:11:27.084



8870266  
88172842232  
0252000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Pola contra, ao longo dos últimos meses, estamos a vivir un profundo proceso de involución democrática: efectivos da Guardia Civil perseguindo urnas, requisando propaganda ou entrando en imprentas, medios de comunicación ou sedes de partidos sen orde xudicial; imputación de 750 alcaldes e alcaldesas dos 914 que hai en Catalunya, o rexistro de sedes da Generalitat e a detención de responsables políticos e traballadores públicos así como sancións económicas, inhabilitacións e persecución de responsábeis políticos, institucionais, chegando incluso ao encadeamento dos presidentes de dunhas das entidades máis importantes de Cataluña como o son Omnium Cultural e a ANC. Ademais asistimos a un sistemático atopelo de dereitos e liberdades básicas como o de expresión, reunión ou manifestación coa suspensión preventiva de actos, a vulneración da confidencialidade da correspondencia ou a censura de portais webs e tamén a un uso partidista por parte do goberno español dos medios de comunicación públicos, que non están a cumprir cos máis elementais mínimos de pluralidade.

En definitiva, estamos a padecer a unha clara vulneración da separación de poderes e a unha clara instrumentalización partidaria da xustiza e os corpos e forzas de seguridade do estado mediante a aplicación dun estado de excepción non declarado que agora chega ao seu cumio coa decisión política do goberno español de empregar o artigo 155 da Constitución española para intervir o goberno catalán o que –na práctica– supón a suspensión da autonomía de Cataluña e un auténtico golpe de estado contra a Democracia ao eliminar desde un despacho de Madrid ao lexítimo goberno de Cataluña elixido, libre e democraticamente, polo pobo catalán.

Este é un feito sen precedentes desde o inicio da Transición. Haberíase que remontar a 1939, para atopar un feito parecido, cando Francisco Franco disolveu a Generalitat. A aplicación do 155 é un profundo erro político e a constatación, máis unha vez, do carácter autoritario do estado español e a súa nula intención de buscar unha



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 19565**  
 Data envío: 31/10/2017 19:11:27.084



8870266  
88172842232  
0642000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

solución democrática e pactada que tome como base a vontade maioritaria do pobo catalán.

Para moitos xuristas, o tipo de aplicación do artigo 155 é claramente ilegal. Mais para alén do debate xurídico, o que é evidente é que é unha aberración en termos democráticos e unha mostra da involución, que nos afecta a todos e todas e que non vai rematar aquí. Todo apunta a que este proceso de involución democrática vai continuar. O Partido Popular, a través de varios dos seus dirixentes, xa están a pór enriba da mesa a posibilidade da modificación da Lei de Partidos e da Lei Electoral, para buscar a redución artificial da representatividade do conxunto de forzas nacionalistas de Cataluña, Euskadi e Galiza até o punto de propor serias restricións electorais e mesmo a súa ilegalización.

Fronte a todo o anterior, entendemos que é unha responsabilidade democrática sinalar esta situación, e polo tanto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

-Manifestar publicamente o rexeitamento e condena da criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar adiante o goberno español diante dun conflito político.

-Instar ao goberno español á inmediata suspensión da aplicación do artigo 155 da Constitución española e á aceptación dunha proceso de mediación internacional para buscar unha saída a este conflito, democrática, pacífica e baseada na vontade do pobo catalán.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 19565**  
 Data envío: 31/10/2017 19:11:27.084



8847326  
884732642222  
064200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

-Instar ao goberno español a asumir o dereito á autodeterminación como un elemento positivo e democrático e recoñecer o carácter nacional de Galiza, Euskadi e Cataluña e os dereitos que lle son consubstanciais como nacións.

-Apoiar publicamente a todas as persoas responsábeis políticas, traballadoras públicas ou integrantes de movementos sociais que están sendo investigadas e/ou encadeadas por promover o exercicio do dereito a decidir.

-Remarcas a defensa do autogoberno, e neste sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercicio de goberno. Reclamar que se respecte a lexitimidade popular reflectida nos acordos destas institucións democráticamente electas.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2017 09:30  
Nº Rexistro: 19565  
Data envío: 31/10/2017 19:11:27.084

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2017 19:10:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2017 19:10:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2017 19:10:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2017 19:10:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2017 19:10:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2017 19:10:22**



## (0020438) mendas dos Grupos Parlamentarios

A Mesa acorda a admisión a trámite  
coa substitución nos puntos segundo e terceiro da parte resolutoria,  
da expresión “Instar ao goberno do Estado...” por  
“Instar á Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno do Estado...”  
MESA DO 20.11.2017



### Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 19565 (10/PNP-001447)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 21 e 22 de novembro de 2017.

### Débase substituír o texto resolutivo polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

- Manifestar o rexeitamento e condena da xudicialización de procesos políticos, o recorte de dereitos e liberdades e as encarceracións que está a executar o goberno do Estado diante dun conflito político.
- Instar ao goberno do Estado a deixar sen efecto a aplicación das medidas gobernativas derivadas do artigo 155 da Constitución e á aceptación do dereito a decidir como un dereito fundamental dos pobos. Estabelecer os mecanismos políticos que permitan a celebración dun referéndum coas garantías esixibles que posibiliten dar unha saída ao conflito de forma que se respecte a vontade do pobo catalán.
- Instar ao goberno do Estado a asumir e recoñecer o carácter plurinacional do Estado español, recoñecendo de forma expresa o carácter nacional de Galiza, Euskadi e Cataluña.



- Rexeitar as medidas represivas que poidan contribuír a seguir danando a convivencia.
- Remarcar a defensa do autogoberno e, nese sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercer como tal. Reclamar que se respecte a lexitimidade das institucións democraticamente electas.
- Instar ao inicio dun proceso constituínte que recoñeza o carácter plurinacional do Estado, o dereito a decidir e anule o artigo 135. Proceso constitucional que garanta de forma expresa, e non só nominal como na actualidade, os dereitos á educación e á sanidade pública universal, o dereito á vivenda, ao emprego digno, que combata de forma efectiva a corrupción e declare o acceso á enerxía como dereito fundamental.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 20/11/2017 17:58:01**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2017 17:58:10**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 20/11/2017 17:58:17**

**Carmen Santos Queiruga na data 20/11/2017 17:58:20**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 18:24  
Nº Rexistro: 20438  
Data envío: 20/11/2017 18:24:03.343



**Antón Sánchez García na data 20/11/2017 17:58:23**

**Eva Solla Fernández na data 20/11/2017 17:58:26**

**Luca Chao Pérez na data 20/11/2017 17:58:29**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2017 17:58:32**

**Luis Villares Naveira na data 20/11/2017 17:58:35**

**Magdalena Barahona Martín na data 20/11/2017 17:58:39**

**José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2017 17:58:41**

**Francisco Casal Vidal na data 20/11/2017 17:58:44**

**David Rodríguez Estévez na data 20/11/2017 17:58:47**

**Marcos Cal Ogando na data 20/11/2017 17:58:51**

#### **4.6 10/PNP-001452 (0019594)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas





(0019594) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 13:24**  
**Nº Rexistro: 19594**  
 Data envío: 02/11/2017 13:24:15.075

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Erradicar a violencia machista é un dos nosos principais retos como sociedade. Se ben é certo que nos últimos tempos fomos avanzando na visibilización de moitas violencias contra as mulleres, unha loita na que temos que agradecer o traballo mobilizador e concienciador fundamental do feminismo, queda moito por diante e xorden tamén novos retos, como por exemplo o impacto das tecnoloxías e as redes sociais na difusión e exercicio da violencia machista, con novas fórmulas a combater como o ciberacoso.

A violencia machista non entende de idade, e corresponde ás administracións públicas desenvolver as actuacións necesarias para eliminala en todas as esferas da sociedade e neste traballo ten unha importancia significativa e particular a mocidade. Xa a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* facía mención á poboación xuvenil e á importancia das actuacións específicas na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero así como a un ámbito fundamental para estas e outras intervencións: o ensino. O sistema educativo é unha peza fundamental no desenvolvemento da nosa mocidade e na súa formación non só en coñecementos, tamén en actitudes e valores. Por iso, é moi importante centrar os esforzos en que o profesorado teña as ferramentas precisas para educar en



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 13:24**  
**Nº Rexistro: 19594**  
 Data envío: 02/11/2017 13:24:15.075



8870266  
88172844212  
0034200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

igualdade e tamén para saber actuar e a que elementos acudir en caso de detectar unha situación de violencia.

O artigo 14 da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* fai mención á *Formación nas universidades* e recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

Neste sentido, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego é fundamental blindar e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial. Neste sentido, desde o curso 2009-2010 impártese no noso país o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deba incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista. Porén, é unha cuestión que na actualidade depende da vontade do profesorado da titulación ou ben das inquedanzas particulares das persoas que o cursen.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a, en cumprimento do artigo 14 da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2017 13:24**  
**Nº Rexistro: 19594**  
 Data envío: 02/11/2017 13:24:15.075



8870226  
88172842222  
0252269  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

violencia de xénero, levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2017 13:22:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2017 13:22:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2017 13:22:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2017 13:24  
Nº Rexistro: 19594  
Data envío: 02/11/2017 13:24:15.075

**Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2017 13:22:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2017 13:22:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2017 13:22:53**



## (0020410) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. 19594, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do Máster Universitario en profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, incluída na orde do día da sesión plenaria do 21 de novembro de 2017 (10/PNP-001452).

### Emenda de Substitución

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente para levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir:

a) a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito dos grados de mestres e mestras en educación infantil e primaria.



b) a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

c) a ampliación da formación continua para o profesorado en formación en prevención e atención á violencia machista.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**


**Luca Chao Pérez na data 20/11/2017 13:48:32**

**Luis Villares Naveira na data 20/11/2017 13:48:41**

(0020413) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 20/11/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 20413**  
 Data envío: 20/11/2017 16:06:56.062



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (10/PNP-001452, documento número 19594)

**Emenda de modificación**

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia a, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, **e do acordado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero**, levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir a incorporación de contidos específicos de igualdade e de formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.”

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017


Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 16:30  
Nº Rexistro: 20413  
Data envío: 20/11/2017 16:06:56.062



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Luisa Pierres López na data 20/11/2017 16:06:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2017 16:06:27





## (0020415) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 16:30  
Nº Rexistro: 20415  
Data envío: 20/11/2017 16:18:12.312

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNP-001452 (19594)**, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha **materia** específica para a formación en prevención e atención á **violencia de xénero** no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, desde o respecto a autonomía universitaria, propor ás universidades galegas que estuden a oportunidade e idoneidade de modificar os actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado de Educación para, de ser o caso, ofertar baixo unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero os contidos que se imparten na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2017 16:17:27**

**César Manuel Fernández Gil na data 20/11/2017 16:17:36**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

#### **4.8 10/PNP-001465 (0019744)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas. (Procedemento de urxencia)



(0019744) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2017 10:00  
Nº Rexistro: 19744  
Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marían García Miguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión Pleno polo trámite de urxencia.**

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se manifeste canto antes sobre este tema.

### Exposición de Motivos:

A violencia de xénero que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

Así, compete aos poderes públicos a loita para a prevención e erradicación de todas estas manifestacións de violencia, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2017 10:00  
Nº Rexistro: 19744  
Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

Resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero sendo as entidades locais un dos actores principais na loita contra a violencia machista pola súa proximidade á cidadanía. Polo que consideramos prioritario:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a **seguinte Proposición non de Lei en Pleno polo trámite de urxencia:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a intensificar a colaboración cas entidades locais que integran a Rede de concellos en contra da violencia de xénero, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos e, procurar desenvolver conxuntamente accións no ámbito da:

1. Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre a mocidade, desenvolveranse acción de carácter pedagóxico, educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos. A estes efectos, as campañas institucionais que se deseñen co gallo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero ou calquera outra campaña da Xunta de Galicia relativa á



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 04/11/2017 10:00  
**Nº Rexistro: 19744**  
 Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

prevención e loita contra a violencia de xénero, serán cedidas cando así o soliciten e sen custo algún, a calquera das entidades locais integrantes da rede contra a violencia de xénero.

2. Información: Favoreceranse todas as vías de informacións sobre os recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero e realizarase, a través de todos os medios dispoñibles, a máxima difusión dos mesmos entre a poboación de todas as entidades integrantes da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero.
3. Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar tanto a profesionais como a persoal político municipal que dun xeito directo ou indirecto traballan na prevención e no tratamento da violencia de xénero e na atención ás vítimas desta violencia, deseñárase e poranse en marcha, accións formativas especificamente dirixidas ao tratamento e erradicación da violencia de xénero.
4. Asistencia ás vítimas: A través das e dos profesionais que integren a rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, poranse a disposición das mulleres vítimas desta violencia que así o precisen, diferentes programas de asistencia e apoio, atención social, xurídica e psicolóxica, ferramentas para autoprotección e apoio aos menores expostos a situacións de violencia de xénero, entre outras”.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/11/2017 18:20:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2017 10:00  
Nº Rexistro: 19744  
Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/11/2017 18:20:55**

**Paula Prado Del Río na data 03/11/2017 18:21:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/11/2017 18:21:16**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/11/2017 18:21:30**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/11/2017 18:21:46**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/11/2017 18:22:20**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/11/2017 18:22:40**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/11/2017 18:22:51**

**César Manuel Fernández Gil na data 03/11/2017 18:23:18**

**Jacobo Moreira Ferro na data 03/11/2017 18:23:26**

**María Isabel Novo Fariña na data 03/11/2017 18:23:43**

**Antonio Mouriño Villar na data 03/11/2017 18:24:01**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 03/11/2017 18:24:14**


**Diego Calvo Pouso na data 03/11/2017 18:24:34**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/11/2017 18:24:42**

(0020427) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 20/11/2017 17:17  
**Nº Rexistro: 20427**  
Data envío: 20/11/2017 17:17:04.687



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia de colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas (10/PNP-001465, documento número 19744)

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto 4 bis na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“4 bis. Co fin de garantir o cumprimento e posta en marcha das catro medidas anteriores, dotarase ás mesmas do respaldo orzamentario preciso, comprometéndose o goberno a un incremento porcentual do orzamento das políticas de igualdade, en concreto do capítulo 460.0 do programa 313B de “accións de promoción da igualdade e prevención da violencia a desenvolver polas entidades locais”, ata conquistar duplicalo no horizonte do ano 2020.”

**Emenda de adición**

Débase engadir un novo punto 4 ter na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“4 ter. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, ao obxecto de destinar vía transferencia as partidas correspondentes ás



■ Grupo Parlamentario

comunidades autónomas, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas en dito pacto.”

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 4 quater na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“4 quater. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións lexislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero, tal como figura no Acordo do Pacto.”

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 20/11/2017 17:16:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2017 17:16:37**





## (0020430) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:21**  
**Nº Rexistro: 20430**  
 Data envío: 20/11/2017 17:21:04.765

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **19744 [10/PNP-001465]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 21 de novembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1- Retirar a campaña institucional do 25 de novembro por ser paternalista, cousificante e reforzar valores contrarios aos obxectivos fixados na lei 11/2017 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2. Avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017 e levar a cabo, para tal efecto, a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2017 17:21**  
**Nº Rexistro: 20430**  
 Data envío: 20/11/2017 17:21:04.765



8807226  
88172842222  
065200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Cumprir, desenvolver e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2017 10:45:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2017 10:45:18**



## (0020435) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 19744, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas, incluída na orde do día da sesión plenaria do 21 de novembro de 2017. (10/PNP-001465).

### **Emenda de Modificación**

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.- Intensificar a colaboración cas entidades locais do conxunto do país para loitar contra as violencias machistas, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos e procurar desenvolver conxuntamente accións no ámbito da:

a) Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, desenvolveranse accións de carácter pedagóxico, educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos.

Para este fin, a Xunta de Galicia colaborará durante todo o ano cos concellos para por en marcha campañas que sexan o máis efectivas e se planifiquen de maneira



colaborativa.

b) Información: Favoreceranse todas as vías de información sobre os recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia de xénero e realizarase, a través de todos os medios dispoñibles, a máxima difusión dos mesmos entre a poboación e entre os concellos.

c) Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar, tanto a profesionais como a persoal político municipal que dun xeito directo ou indirecto traballan na prevención e no tratamento da violencia de xénero e na atención ás vítimas desa violencia, deseñárase e poranse en marcha accións formativas especificamente dirixidas ao tratamento e erradicación da violencia de xénero.

d) Asistencia ás vítimas: poranse a disposición das mulleres vítimas desta violencia, que así o precisen, máis programas e recursos de asistencia e apoio, atención social, xurídica e psicolóxica, ferramentas para autoprotección e apoio aos menores expostos a situacións de violencia de xénero, entre outras.

2.- Incorporar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todo o orzamento da Xunta de Galicia, prestando especial atención ao orzamento dedicado á colaboración cos concellos; dedicando, cando menos, todos os anos, o 1% dos orzamentos a políticas específicas destinadas á loita contra as violencias machistas ata que mude a realidade.

3. Elaborar os Plans Estratégicos e protocolos de coordinación cunha metodoloxía máis participativa, incorporando como axente fundamental para este diálogo ao movemento feminista galego. Todas as medidas contempladas nestes serán que ir acompañadas dunha orzamentación, temporalización e indicadores claros de avaliación e seguimento.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2017 17:50  
Nº Rexistro: 20435  
Data envío: 20/11/2017 17:50:00.406



4. Facilitar a contratación progresiva de axentes de igualdade nos concellos.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2017 17:48:51**

**Luis Villares Naveira na data 20/11/2017 17:48:59**



PARLAMENTO  
DE GALICIA